

Novos marcos de estudo

Ensaio Dende un coñecemento profundo e dinámico do sistema literario, traza Vilavedra esta panorámica do labor narrativo galego

O recente libro de Dolores Vilavedra sobre a narrativa galega no período postautonómico e ata finais do século XX ven a confirmar o singular valor que o labor desta estudiosa ten para os estudos literarios contemporáneos. Como xa translucira na súa *Historia da literatura galega* (1999), e nos moitos artigos académicos que publica regularmente desde principios dos noventa, Vilavedra fundamenta o seu método nun coñecemento panorámico do corpus literario galego que se revela tan profundo como dinámico. Desde esta posición experta, froito dunha curiosidade e dun compromiso formidables co texto literario en galego, a autora é quen de discernir os patróns creativos xenéricos na narrativa das últimas décadas, así como de analizar ata que punto estes dialogan con posibles movementos no sistema cultural galego, en tanto que realidade tamén sociopolítica.

Entre os trazos que a autora describe polo miúdo, algúns son abondo suxestivos e queren, ao meu parecer, máis atención crítica. Destacaría, por exemplo, algúns conceptos tratados no libro como fenómenos discretos e específicos do contexto literario galego, tales como a posible “hiperproducción” de textos no campo da narrativa (p. 78); a experiencia da “retirada” por parte dalgunhas autoras e autores logo de teren recibido críticas acedas aos seus textos (p. 31); ou o que Vilavedra denomina “a espiñenta cuestión da tradución” nun contexto no que a maioría das editoriais galegas priorizan nas súas declaracións de propósitos antes a normalización lingüística que a propia rendibilidade comercial (p. 25). De xeito case transversal, trázase tamén no libro a eclipse da figura do “lector militante” en lingua galega, fenómeno que a autora analiza como síntoma dunha benvida diversificación na recepción do texto literario nun con-



La Lectrice soumise // René Magritte

texto, o de finais do século XX e principios do XXI, no que a comunidade lectora en galego deixa de estar motivada, alomenos dun xeito recoñecible ou mesmo “dirixible”, en termos ideolóxicos. A constatación empírica deste proceso sociolóxico abofé que require máis datos dos que se poden achar nun estudo centrado, como o de Vilavedra, nos corpus literario e crítico, mais cabería reconsideralo á luz do recente clamor polo retorno dun público consumidor de literatura galega concienciado e comprometido, nun momento de verdadeiro despezoamento por parte do goberno

actual das entidades culturais e mediáticas que viven e axudan a vivir en lingua galega.

Que un estudo panorámico sobre a narrativa galega desde o 1981 ata principios do XXI comprenda a reflexión delongada e necesaria sobre estes e outros comportamentos do “sistema”, débese sobre todo ao particular efecto que as teorías de Even-Zohar tiveron e teñen nos estudos literarios galegos. Ditas teorías, decote aliñadas coas de Pierre Bourdieu e ata certo punto introducidas nas metodoloxías da filoloxía galega moderna da man do traballo

de Xoán González Millán, trouxeron para a reflexión literaria en Galicia un interese, daquela novidoso, por repensar a produción literaria como un tecido de moitos fíos e aínda máis agullas. Xurdiu así, e mais traballo-use arreo para que así fose, un novo marco para a filoloxía galega feita en Galicia, que incorporaba como novos obxectos de estudo a actividade doutros axentes no sistema (edición, crítica, tradución), máis aló das propias escritoras e escritores e, sobre todo, dos seus textos. Progresivamente foi esvaecendo aquela tradición filolóxica motivada pola fe no sentido inmanente dos textos literarios e decote tamén por un tratamento dos autores (o masculino aquí é deliberado) en clave encomiástica. A *narrativa galega na fin de século* de Dolores Vilavedra é filla deste cambio, e como tal participa de ambos os dous paradigmas, combinando, por unha banda, a análise formal dos textos literarios en tanto que froitos atribuídos á sucesión de correntes estéticas (realismo, posmodernismo, etc), e por outra, a reflexión sobre os motores que dinamizan estes cambios ou as estruturas sociolóxicas que os codifican (así se entenden, por exemplo, as reflexións sobre as re-edicións ou os premios literarios).

Con todo, unha das afirmacións incluídas a modo de posicionamento teórico no limiar –a de que as teorías de Even-Zohar se han de seguir no libro “sen explicación previa” e “de forma vicaria, isto é, só cando [resulten] acaídas para o fenómeno que se tenta explicar” (p. 13) – se cadra delata que o tempo de facermos balance dos pros e contras de tales ferramentas é chegado. Pois se a visión sistémica pedía un ollar máis atento aos diferentes fíos que conformaban o tecido cultural galego, tamén xerou unha certa ansia polo que se ían percibindo como os “rotos” dese mesmo tecido. Como ben indica Vilavedra, isto deu lugar a que os “axentes

implicados no desenvolvemento do sistema literario” comezaron a actuar en aras dunha urxencia normalizadora (p. 35). Mais nos estudos literarios esta mesma tendencia tamén se percibe no ton levemente dirixista que ocasionalmente acadan as análises: aquel que prescribe tarefas por facer á propia comunidade literaria ou que avalía o feito ata o momento por esta utilizando como vara de medir un concepto de normalidade que fica sen definir –ou cuxa definición pasaría, semella, polo modelo cultural que ostentan as nacións con aparato estatal.

A sección do libro dedicada á “narrativa de autoría feminina” é a que máis se acaroa a este tipo de metodoloxía crítica, ao meu ver, dun xeito que se podería percibir como pouco frutífero. Un dos corolarios da teoría dos polisistemas foi que promovía un entendemento compartimentalizado do sistema cultural, con base no cal se entendía que os elementos conformadores do sistema interactuaban coas súas propias carencias en aras da superación destas. Este esquema perpetúa unha noción da literatura escrita por mulleres en tanto que sección separada do todo, de aí que se inclúa un capítulo sobre os textos escritos por mulleres como se inclúen os capítulos sobre novela histórica, fantástica, ou sobre a guerra civil. Na visión even-zohariana que marca o libro, pois, a literatura escrita por mulleres en Galicia pasou de ser un oco a ser un apéndice, mais nunca un corpus real e transversal, por veces combativo, mais sempre continuado (unha continuidade que o criterio lingüístico da filoloxía galega tradicional tampouco non ten axudado a visibilizar). Posiblemente sexa a reflexión sobre estas cuestións e outras as que axuden a desenvolver novos métodos para historiarmos a literatura galega contemporánea nos anos vindeiros.

// Helena Miguélez Carballera

A narrativa galega na fin de século: Unha ollada crítica dende 2010

Dolores Vilavedra · Galaxia, 2010 · 364 páx · 24 euros

